

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA "CORRESPONDENTES UNIVERSITARIOS/AS".

No lugar e data da sinatura dixital,

REUNIDOS

Dunha parte, **D. José López Campos**, titular da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia, con CIF S1511001H e domicilio social en San Caetano s/n, 15704 – Santiago de Compostela. Actúa en nome e representación desta en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia e no exercicio das facultades que lle confiren o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, das normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 e de conformidade co Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra, **D. Antonio López Díaz**, reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC), con CIF Q1518001A e domicilio social no Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro, s/n, 15782 - Santiago de Compostela. Actúa en nome e representación desta en virtude do Decreto 35/2022, do 17 de marzo, do seu nomeamento e no exercicio das facultades conferidas pola Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo do Sistema Universitario e do artigo 82 do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da USC.

As dúas partes no nome e representación en que concorren e coa capacidade legal oportuna,

EXPOÑEN

I. Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, segundo o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, é o órgano superior da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que corresponde, conforme ao Estatuto de Autonomía de Galicia e á Constitución española, propoñer e executar as directrices do goberno en materia de xuventude; xestionando a través da Dirección Xeral de Xuventude, entre outras funcións, as actuacións deste ámbito, así como as políticas xuvenís de carácter interdepartamental e de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil, o fomento da participación da xuventude na vida social, o seguimento da Rede Galega de Información Xuvenil e a súa promoción e desenvolvemento.

II. A Universidade de Santiago de Compostela é unha entidade pública dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios, de acordo coa Constitución e a Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo do Sistema Universitario e a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia. Está constituída polos campus de Santiago e Lugo. Nas súas competencias correspóndelle o servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia e o estudo. Son funcións da



universidade ao servizo da sociedade, entre outras, a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura, a preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos e para a creación artística e, especialmente, a difusión do coñecemento e a cultura.

III. A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude quere difundir a información que facilita o acceso da mocidade aos recursos en materia de xuventude a través do programa "Correspondentes Universitarios". Trátase dunha iniciativa na que o estudantado da dita universidade que participe recibirá información xuvenil e colaborará na súa difusión entre o resto do alumnado universitario, así como noutros ámbitos xuvenís nos que se mova. O obxectivo é mellorar o coñecemento que a xuventude galega ten dos programas, bolsas e concursos que están ao seu dispor.

IV. A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a USC concordan en en facilitar a participación das persoas alumnas desta Universidade no programa "Correspondentes Universitarios/as."

Ao chegaren as partes a un acordo e recoñécense mutua capacidade, outorgan o presente convenio de colaboración conforme as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto do convenio*

O obxecto do presente convenio é establecer a forma e condicións de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade de Santiago de Compostela cara á posta en marcha do programa "Correspondentes Universitarios" entre o seu alumnado.

Segunda. *Programa Correspondentes Universitarios/as*

O programa "Correspondentes Universitarios" ten por obxecto a difusión e coñecemento entre o estudantado da USC de información xuvenil que pode ser do seu interese, complementando así os seus coñecementos e contribuíndo á formación dun espírito crítico. A dita información difundirase a través da Vicerreitoría de Estudantes e Cultura entre o seu alumnado universitario, favorecendo o grao de coñecemento da información xuvenil dos mozos e mozas. O alumnado participante recibe e difunde a información remitida pola Dirección Xeral de Xuventude, pola USC e por outras entidades que organicen eventos ou actividades xuvenís. O programa desenvolverase de xeito virtual e presencial mediante envíos de información e reunións entre as partes asinantes do presente convenio de colaboración. Os destinatarios do programa son os/as estudantes da Universidade de Santiago de Compostela que soliciten participar no programa "Correspondentes Universitarios/as".

Mediante este programa, as persoas participantes poderán:

- a) Mellorar o seu grao de coñecemento das iniciativas xuvenís que están ao seu dispor.
- b) Participar na difusión desa información xuvenil entre a súa comunidade social (virtual e física). Algunhas medidas oportunas: xestión dun taboleiro informativo con información sobre temas de



interese xuvenil, xestión de perfís informativos nas redes sociais ou encontros informativos no seu campus.

c) Asistir ás reunións de coordinación que se convoquen polas partes asinantes do convenio de colaboración e aos cursos gratuítos organizados por acordo entre as partes asinantes para formar os/as estudantes participantes como voluntarios/as con labor de Correspondentes Universitarios.

d) Organizar unha xornada de información xuvenil nalgún emprazamento do seu campus universitario, supervisada polas partes asinantes do presente convenio.

d) Aqueloutras que melloren a achega de información á mocidade e que xurdan ao longo do curso entre os correspondentes e a súa persoa dinamizadora.

As persoas Correspondentes Universitarias terán os seguintes beneficios:

a) Recibirán, na súa condición de voluntarios/as, formación gratuíta sobre información xuvenil.

b) Recibirán un certificado de educación non formal en materia de xuventude regulado pola *Orde do 26 de febreiro de 2015 pola que se regula o certificado de educación non formal en materia de xuventude* (DOG nº 57 do 25 de marzo).

Terceira. Compromisos da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Xuventude asume os seguintes compromisos:

a) Facilitará, conxuntamente coa USC, aos Correspondentes Universitarios a formación básica que, como voluntarios en materia de información xuvenil, subministrando dita formación conxuntamente coa USC, así como contidos que sexan de interese para os/as universitarios/as.

b) Designará os profesionais que actuarán como coordinadores do programa por parte da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Estas persoas informarán, orientarán e asesorarán, individualmente ou en grupo, as persoas alumnas correspondentes universitarias, facilitándolles a axuda precisa para participar neste programa de voluntariado.

c) Expediralles ás persoas estudantes da Universidade participantes no programa un certificado acreditativo da experiencia e competencias adquiridas dentro do ámbito da educación non formal.

Cuarta. Compromisos da Universidade de Santiago de Compostela

A vicerreitoría competente en materia de acción voluntaria da USC asume c compromisos:

a) Informará sobre as actividades e obxectivos do programa "Correspondentes Universitarios" a través dos medios utilizados para a promoción do voluntariado e a participación social (páxina web do SEPIU, correo-e, pantallas informativas dos distintos centros, etc).



b) Rexistrará o alumnado interesado en colaborar como correspondente universitario e facilitará os seus datos á Dirección Xeral de Xuventude para a súa selección.

c) Incluirá os alumnos/as participantes no programa "Correspondentes Universitarios" no seu Rexistro de Persoal Voluntario.

d) Expedirá aos seus estudantes unha certificación que acredite a participación no programa "Correspondentes universitarios". Para a solicitude de créditos, ata un máximo de 3 ECTS por ano académico e coa correspondencia de 1 crédito por cada 25 horas, o alumnado participante no programa deberá ter realizada a formación segundo o protocolo que se recolle no Acorde do Consello de Goberno da USC para o recoñecemento de créditos nos estudos de grao ao abeiro do artigo 12.8 do RD1393/2007 do 5 de xullo de 2016 xunto coa formación básica en materia de información xuvenil proporcionada polos técnicos da Dirección Xeral de Xuventude.

Quinta. *Inexistencia de cargas económicas*

Este convenio non implica ningunha obriga de carácter económico para ningunha das partes.

Sexta. *Protección de datos*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Sétima. *Comisión mixta de control e seguimento*

Constitúese unha Comisión mixta de seguimento á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

A Comisión estará composta, por parte da USC, polo Reitor ou pola persoa que o supla, polo/a vicerreitor/ra competente en materia de estudantes ou persoa que se designe como suplente e polo Xefe do Servizo de Participación inclusión Universitaria ou persoa que a supla designada pola persoa que representa á entidade.



Por parte da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude comporase pola persoa titular da Dirección Xeral con competencias en materia de xuventude que asumirá a presidencia da Comisión ou pola persoa que a supla de conformidade coa norma organizativa da Consellería e por outra persoa funcionaria adscrita á Dirección Xeral de Xuventude designada pola persoa que representa á Consellería ou pola persoa que a supla.

A secretaría da comisión será exercida pola persoa funcionaria que designe a presidencia da comisión ou pola persoa que a supla.

A propia comisión acordará o seu calendario de reunións. As súas funcións serán:

- a) Con carácter xeral, a interpretación e aplicación das cláusulas do presente convenio, así como velar polo seu cumprimento.
- b) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- c) Establecer criterios de seguimento e avaliación do programa.
- d) Propoñer, para a súa aprobación polos órganos competentes, addendas ou modificacións do presente convenio.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Oitava. Entrada en vigor e período de vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e a súa vixencia prolongarase ata o final do curso académico 2025-2026. As partes poderán facer denuncia expresa do presente convenio ou de calquera das súas prórrogas con anterioridade ao prazo final de vixencia establecido.

Novena. Causas de resolución do convenio

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- a) A renuncia de calquera das partes, formulada por escrito con tres meses de antelación ao remate do presente convenio ou de calquera das súas prórrogas.
- b) Incumprimento das cláusulas do convenio.
- c) Mutuo acordo das partes formalizado por escrito.

Décima. Modificacións do convenio

As modificacións formalizaranse mediante addenda, cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio.



Décimo primeira. *Réxime xurídico e xurisdicción*

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdicción contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

Décimo segunda.- *Administración dixital*

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo terceira.- *Información, rexistro e consentimento para publicación de datos*

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude informará na súa páxina web oficial da subscrición do presente convenio cos seguintes datos básicos: identificación das partes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

O convenio será rexistrado de acordo co prescrito no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes do convenio autorizan, así mesmo, que os seus datos persoais e as demais especificación contidas neste convenio se publiquen no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

En sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, asínano ambos os dous comparecentes no lugar e data da sinatura dixital.

POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E
XUVENTUDE

O Conselleiro

D. José López Campos

POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

O Reitor

Antonio López Díaz

